

**ADDENDA AO PROXECTO
LINGÜÍSTICO DE CENTRO**

IES Manuel García Barros (A Estrada)
Curso 2018-19

1. Constitución do Equipo de Dinamización Lingüística para o curso 2018-2019.

Coordinadora:

Soraya Suárez Quintas (Dep. Lingua Galega e Literatura)

Profesorado:

Irene Portas Peteiro (Dep. Bioloxía e Xeoloxía)
María Luísa Otero López (Dep. Lingua Galega e Literatura)
María Mansilla Antelo (Dep. Lingua Galega e Literatura)
María Varela Frade (Dep. Música)
Teresa Filloy Chao (Dep. Lingua Galega e Literatura)

Alumnado:

Cristina Brea Fernández
Emilio Muíños Calvelo
Icía Diéguez Rey
Jacobo Rivas Sanmartín
Lucía Rey Gañete
Manuel Pérez Domínguez
Natalia Souto Barcala
Paula Mahía Taboada

Persoal non docente:

Ana María Fernández García

2. Asignación da lingua vehicular para a impartición das materias da ESO e do Bacharelato.

En aplicación da lexislación vixente (*DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*), o conxunto de profesorado do centro decidiu continuar un curso máis coa asignación das linguas vehiculares por materia establecida no Proxecto Lingüístico de centro (2015-2019) e complementada na Addenda 2016-2017. Ratifícase, polo tanto, o acordo nun reparto lingüístico que responde ao obxectivo de conseguir un emprego equilibrado de galego e castelán como linguas nas que se imparten as materias en cada un dos distintos niveis académicos.

Cómpre dicir, en todo caso, que o elevado índice de optatividade que se mantén nos cursos 4º da ESO e, sobre todo, en 2º de Bacharelato fai imposible que se poida asegurar que todo o alumnado vaia ter exactamente o mesmo número de horas impartidas en galego e en castelán, posto que poden elixir libremente entre diferentes materias ofertadas (unhas en galego e outras en castelán). A única posibilidade de garantir que a totalidade do alumnado cursase un número idéntico de horas en cada unha das linguas oficiais sería desdobrar cada unha das materias en dous grupos, un deles impartido en galego e outro en castelán. Como tal posibilidade é totalmente inviable neste momento, o criterio que seguimos é ofertar nas distintas modalidades deste curso un número equilibrado de materias impartidas en cada unha das linguas entre as disciplinas que se poden elixir, de maneira que a tendencia xeral do alumnado do curso será igualmente a dun emprego equilibrado de ambos os idiomas.

3. Actividades para o fomento da lingua galega

Dado o satisfactorio resultado das actividades que no curso anterior se realizaron para a dinamización da lingua galega no centro, que contaron cunha notable participación dos diferentes elementos que conforman a comunidade educativa, decidimos adoptar unha liña continuísta neste curso que comeza. O Equipo de Dinamización da Lingua Galega será o principal encargado de levalas a cabo, en colaboración con todo o profesorado e alumnado que o desexe. Estas actividades figurarán na Programación Xeral e no Proxecto de Fomento da Lingua Galega. Para o presente curso, están previstas, entre outras, as seguintes actividades:

❖ Continuación do proxecto plurianual *Dinamizaestrada* (denominado en cursos anteriores *Traballando xuntos*), consistente na coordinación de actividades e estratexias normalizadoras e realizado en común por unha coordinadora local na que participan todos os centros de ensino de Primaria e Secundaria do concello da Estrada. No marco deste

.....
proxecto desenvolveranse as seguintes actividades:

a) Convocatoria do *VI Concurso de microrrelatos e micropoemas* para o alumnado dos centros de ensino do concello da Estrada. Seguindo a liña de anos anteriores, o concurso servirá tamén de homenaxe ao escritor ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas (Antón Fraguas), posto que en cada proposta deberá figurar necesariamente unha palabra tirada dos títulos das obras do homenaxeado. No pasado curso académico as palabras escollidas foron “faiado” e “mar”, na honra de María Victoria Moreno. As seleccionadas para esta nova edición aínda están por determinar.

b) Edición e publicación do libro que recolla os traballos gañadores do citado concurso, financiado polo Concello da Estrada. O volume, de aproximadamente 90 páxinas, terá unha tiraxe de 500 exemplares e será distribuído entre os/as gañadores/as do certame e entre toda a comunidade educativa dos distintos centros de ensino participantes. Tamén incluírá ilustracións realizadas polo alumnado de educación infantil dos centros participantes. Editarase, ademais, un marcapáxinas cun deseño equivalente ao do libro.

c) Realización da *VI edición da Festa das palabras*, acto cultural organizado para a entrega de premios do certame referido. No acto intervirán un grupo musical e un escritor, por determinar. Para a entrega dos premios, contarase coa participación da dirección e profesorado dos centros, así como de diferentes membros das ANPAS e algún representante do Concello da Estrada, que colabora con esta actividade. Así mesmo, ao igual que en anos anteriores, está previsto encargarlle o deseño do cartel anunciador do evento á mesma persoa que leve a cabo o deseño do libro.

d) Continuación co proxecto *Videoconectad@s*, iniciado no pasado curso escolar 2017-2018. Trátase dunha actividade de intercambio educativo por vía electrónica entre os centros de primaria e secundaria. Na pasada edición, o alumnado de ciencias de 1º de Bacharelato realizou unha videoconferencia cos grupos de 5º de primaria do CEIP Cabada Vázquez e do CEIP Pérez Viondi para explicarlles diferentes aspectos en relación coa perda da biodiversidade. Este ano, prevese que o intercambio sexa á inversa e que o alumnado de primaria sexa o encargado de realizar a exposición.

e) Xestión do blogue *Dinamizaestrada* (anteriormente denominado *Traballando xuntos*), destinada a difundir as actividades realizadas conxuntamente entre todos ou algúns dos centros participantes do proxecto da coordinadora local de equipos de dinamización.

❖ Xestión e actualización da web *Manoliño García quere ser normal*, portal no que se recollen dende hai anos as propostas de dinamización da lingua galega no centro. Se ben esta web está destinada a toda a comunidade educativa, ten como finalidade principal a

.....
divulgación de información, actividades, creación literaria... entre o alumnado, que será quen xestione unha gran parte dos seus contidos. Ademais de información sobre diversos eventos, premios, concursos e ligazóns de interese a web conta con diferentes apartados específicos. Aínda que se prevé amplialos, actualmente as seccións que acolle a web son: actividades de normalización no MGB, info-lingua (avances e retrocesos no proceso de normalización do galego a partir de noticias de actualidade), cultura en galego (información sobre novidades literarias, música e espectáculos), documentos (lexislación vixente relacionada co proceso normalizador) e blogue de creación literaria (publicación de traballos literarios do alumnado).

❖ Confección dun taboleiro físico na entrada do centro para incrementar a visibilización das actividades do equipo de dinamización entre os membros da comunidade educativa. Este taboleiro servirá como canle para transmitir diferentes cuestións de actualidade en relación á lingua galega e tamén para propoñer ou difundir actividades relacionadas co idioma. Empregarase unha estética atractiva e unha expresión sintética para favorecer a súa consulta.

❖ Realización dun certame musical baseado na improvisación oral. A temática do acto será libre e organizarase por rondas eliminatorias realizadas por parellas.

❖ Campaña "Palabras nosas", consistente en reivindicar un uso correcto do idioma a partir da promoción de diferentes termos léxicos en galego que tradicionalmente foron desprazados por termos en castelán. Cunha periodicidade semanal ou quincenal, potenciarase o emprego dun termo en concreto mediante algunha actividade lúdica. O alumnado que destaque polo seu emprego habitual será premiado. As actividades realizadas serán visualizadas no web e no taboleiro de Normalización.

❖ Participación no *Correlingua*. O alumnado dos primeiros cursos da ESO participará nesta actividade. Prepararán pancartas e coplas reivindicativas do uso do galego e acudirán aos actos que se celebrarán na nosa vila.

❖ Intercambio musical e poético cos dous IES veciños (IES Antón Losada Diéguez e IES N^o 1) con motivo da celebración do Día de Rosalía.

❖ Realización de diversos vídeos relacionados coa lingua e literatura galega.

❖ Saídas didácticas relacionadas con algún aspecto significativo da cultura galega.

❖ Asistencia a obras de teatro. Polo momento, está programada a asistencia do alumnado de 1^o BACH á representación "Arnoia, Arnoia" do Centro Dramático Galego.

❖ Edición de material didáctico para o alumnado do centro con indicacións sobre o

.....
correcto emprego da lingua galega.

- ❖ Asesoramento lingüístico continuado dirixido a un correcto emprego do galego na práctica docente e nas actividades extraescolares.
- ❖ Corrección e supervisión de textos elaborados pola dirección do centro para as comunicacións externas e internas.